



ELOS DA CADEA

Elaboración:

- Pedimos que todos/as se colóquen en fila, cos brazos estendidos en cruz, de maneira que todos/as se toquen coas puntas dos dedos. Non deben ocupar de calquera xeito a sala, deben formar un gran O o máis pegados posible ás paredes. O O nunca pode pecharse, no caso de que sexan moitas as persoas, unha vez formado o O os que sobran quedaranse no centro e actuarán de observadores.
- Unha vez colocado todo o mundo, entrégase á primeira persoa de cada un dos extremos un obxecto (pode ser un bolígrafo, por exemplo) e indícaselles que o obxectivo é lograr que cada un chegue alén do O. Existen unhas regras fundamentais que deben cumprirse:
 - Non poden mover os pés, deben manterse no lugar no que están.
 - Non poden lanzar o obxecto, deben pasalo á persoa de á beira utilizando o contacto directo man a man.
- Unha vez que todo o mundo ten claras as instrucións, iníciase a actividade. Ao terminar esta primeira fase coméntase co grupo o sucedido:
 - Chegaron os dous obxectos ao final da cadea?
 - Xurdiu algunha dificultade no camiño?
 - Custounos moito esforzo pasar o obxecto?
- A continuación, pídesse a unha persoa calquera, cara á metade da Ou, que abandone a cadea.
- Vólvense a colocar na orixe os obxectos e vólvese a pedir que cheguen ao outro extremo. Nesta segunda fase será imposible que os obxectos cheguen ao seu destino si as normas son respectadas.
- Reflexionamos en gran grupo sobre o sucedido:
 - Conseguiron chegar os obxectos ao seu destino final?
 - Cal foi a causa?
 - É posible que faltando unha soa persoa na cadea os demais non sexan capaces de cumprir co obxectivo marcado?
 - Somos todos os elos da cadea imprescindibles?
 - Hai un principio que di: "Unha cadea non é máis forte que o máis débil dos seus elos". Reflexionar esta frase e terminar co seguinte texto.



"Pensaches niso?

Xstx txclado non txn dxfxctos, só unha txcla qux non quxr x facxr a súa función. As rxstantxs txclas funcionan moi bxn, pxro xsta única txcla, qux comxtx xrros, provoca unha sxria difrxnza no txcto, non chx parxcx?

Así pois, ti podxrías dicir qux só xs unha unidadx x qux isto fai qux non haxa ningunha difrxnza xntrx si coopxras ou non cos dxmais. Con todo, xstx xxito txu dx vxr as cousas é xrrónxo: os dxmais nxcxsitámox porqux contamos contigo.

A próxima vxz qux pxnsxs qux ti non xs importantx ou qux calquxra outro (sxr humano, animal, país...) tampouco o é, acórdatx dxstx txclado.

E máis aínda, %max%nate que ha% duas teclas que func%onan mal... ¿e que d%r%&s se for&n tres? ¿e se f\$r&n c&tr\$?"